

XL CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS

Bases

1. Poderán participar no concurso tódolos grupos de gaitas tanto de Galicia como dos Centros Galegos de España e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional (sen modificacións de ningún tipo)
2. As solicitudes de inscrición no modelo que facilita o Departamento de Cultural Municipal dirixiranse ó rexistro de entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas. Serán gratuítas e deberán recibirse ata o día 14 de setembro de 2007.
Cada un dos grupos participantes proporcionara coa inscrición o enderezo e o número de telefono segundo modelo de inscrición que se facilita.
A orde de participación no concurso será inverso á da inscrición.
3. Os instrumentos obrigatorios para concursar serán: dúas gaitas, un bombo e un tamboril; non serán admitidos máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe tradicional galego.
4. O número máximo de participantes será de trinta. No suposto que o número de grupos inscritos sexa inferior a quince, poderase celebrar o concurso en xornada única o domingo. Os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso con outro grupo.
5. Os grupos participantes estarán diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas ás 17,00 h. da tarde do sábado día 22 de setembro para comprobar a súa inscrición; de seguido percorreran as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o auditorio Reveriano Soutullo, onde as 18,00 h. da tarde terá lugar a fase eliminatória do concurso.
Na FASE ELIMINATORIA tocarán dúas pezas de libre elección. O tempo total da ámbalas dúas pezas será como máximo de 8 minutos.
6. O veredicto do xurado cos dez grupos que se clasifican para a FASE FINAL darase a coñecer ó remate da fase eliminatória. Así mesmo ó remate da mesma levarase a cabo o sorteo para determinar a orde de participación na final do concurso.
Estes 10 Grupos clasificados para a fase final tocarán dúas pezas na rúa o sábado unha vez rematado o concurso.
7. Os dez grupos clasificados para a final estarán as 10,45 h. da mañá do domingo día 23 de setembro de 2007, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de confirmar a súa presenza e dar comezo ó percorrido polas rúas da vila interpretando melodías galegas ata o auditorio Reveriano Soutullo, onde a partir das 11,30 h. da mañá terá lugar a FINAL DO XXXX CONCURSO DE GAITAS. Nesta fase final serán interpretadas dúas pezas de libre elección que, as interpretadas na fase eliminatória, serán de raíz melódica galega. Igualmente en ámbalas fases non de admitir a interpretación se suites nin de popurrís.
8. Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario.
9. Para recoller o premio deberán subir ó escenario tódolos compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos catro primeiros postos, debendo vestir o traxe tradicional completo.
10. A comisión organizadora aboará a tódolos grupos participantes que non obteñan premio a cantidade de 100,00 €; cantidade que se destinará a sufragar os gastos de desprazamento. Os seis grupos seleccionados polo xurado para actuar na mañá do día 23 de setembro, que non obtiveran premio, percibirán ademais 50,00 € para gastos de manutención.
11. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a absoluta conformidade coas decisións do Xurado, sen dereita a reclamación ou recurso ningún.

RELACIÓN DE PREMIOS

1º premio 1.800,00 €
(Feliciano Barrera)

2º premio 1.200,00 €
(Grupo de Empresas Regino Giraldez Boo “Construcción e Carpintería”)

3º premio 900,00 €
(Irmáns Rodríguez Sobral)

4º premio 600,00 €
(Concello de Ponteareas)